

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA
22 DE DECEMBRO DE 2017**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ
BERNARDO VARELA LÓPEZ
MARÍA ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ
MARÍA TERESA DEVESA GRAÑA
ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ
MARÍA ISABEL POISA REY
MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ,

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20.00) do dia UN de DECEMBRO do DOUS MIL DEZASETE, previamente convocados, reun3ronse os Sres. Concelleiros 3 marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco Garc3a Su3rez, a fin de celebrar unha sesi3n extraordinaria polo Pleno da Corporaci3n.

Non asisten 3 sesi3n:

FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA,
concelleiro de BNG.

LUZ DOPORTO REAL, concelleira do PP

Previamente, xustificaron a s3a ausencia por raz3ns persoais.

Sen incidencias.

---&&---

ORDE DO DIA

- 1. Cadro de tarifas de auga 2018.- Resolución de reclamacións presentadas e aprobación definitiva da modificación da ordenanza reguladora.**
- 2. Cadro de tarifas de saneamento 2018.- Resolución de reclamacións presentadas e aprobación definitiva da modificación da ordenanza reguladora.**

---&&---

1. Cadro de tarifas de auga 2018.- Resolución de reclamacións presentadas e aprobación definitiva da modificación da ordenanza reguladora.

Mediante escrito de data 13 de novembro de 2017, Zaida A. Rodríguez Camba, na úsa condición de concelleira do grupo municipal socialista, presentou un escrito de reclamación, do que, a propia concelleira da conta o plenario, nos seguintes termos:

O Boletín Oficial da Provincia de Ourense nº 253 de data 3 de novembro de 2017 publica o acordo de aprobación provisional dos expedientes de modificación das ordenanzas fiscais reguladoras da taxa da auga e da taxa polo servizo de saneamento ou rede de sumidorios.

Establécendose nese anuncio precitado a exposición pública do mesmo e a posibilidade que concede o artigo 17.1 do texto refundido da Lei de Facendas Locais de presentar as alegacións ou reclamacións que se estimen oportunas, veño a formular as seguintes:

RECLAMACIÓNS

1.- No Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece con meridiana claridade no seu artigo 13.1.a) que as "...exencións, reducións e bonificacións..." deberán estar contidas e previstas no corpo normativo das ordenanzas fiscais.

2.- No seu día esta Concelleira presentou un voto particular na Comisión de Facenda de data 24 de outubro de 2017. Con posterioridade e tal como está establecido na lexislación vixente defendeu o mesmo na sesión plenaria do Concello de Allariz de data 27 de Outubro do ano en curso.

3.- A pretensión deste do Grupo Municipal Socialista era establecer en ámbalas dúas ordenanzas fiscais unha tarifa social para as persoas con redas baixas ou desfavorecidas economicamente, empadroadas no Concello de Allariz. A pretensión foi rexeitada pola maioría plenaria.

4.- As modificacións que se pretenden introducir nas Ordenanzas Fiscais que na actualidade están en tramitación e en período de exposición pública, son as seguintes:

O Concello de Allariz ten conferidas, entre as competencias que lle son propias, de conformidade co establecido no artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local, a de avaliación e información de situación de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social.

Existen no noso municipio, persoas e familias en situación de desemprego e con baixo nivel de renda que poden ser obxecto de fomento pola Entidade Local.

Considerando a conveniencia de favorecer as citadas persoas, o Concello de Allariz debe incluír na Taxa por Subministro de Auga potable e na Taxa por Servizo de Saneamento, a aplicación dunha Tarifa

Social para persoas en situación de risco social e con baixo nivel de renda, con carácter rogado, previo recoñecemento da situación polos Servizos Sociais municipais e de acordo cós requisitos que a tal efecto se establezan.

5. Modificar o artigo 5 da Ordenanza Discal nº 2 que regula a Taxa para o Subministro de Auga, introduciendo as exencións, bonificacións ou reducións, no senso seguinte:

Estarán exentos do pago da taxa os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ó mencionado, cando o consumo non supere os 20 metros cúbicos por período de facturación (a exención inclúe a cota de servizo e o consumo ata 20 metros cúbicos). O carácter desta exención é rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ó da solicitude. Esta exención será aplicable a un único domicilio que deberá de coincidir co de residencia e empadramento do/a interesado/a.

Os interesados que desexen solicitar a exención da cota da taxa bederán de presentar:

- a) Solicitude de concesión da exención
- b) Fotocopia do DNI das persoas físicas solicitantes do beneficio fiscal, así como no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representante e DNI da persoa que actúe como representante.
- c) Fotocopia do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter público.
- d) Fotocopia do último recibo da auga de pago da taxa polo servizo de abastecemento de auga.
- e) Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de abastecemento de auga (copia do imposto de bens inmovibles,...).
- f) No caso de que o inmovible obxecto de subministro onde resida o solicitante da exención non sexa da súa propiedade, deberá aportar ademais : fotocopia do DNI do propietario do inmovible, fotocopia do contrato de aluguer ou do documento que acredite que o propietario do inmovible cédelle o uso do mesmo ó solicitante do beneficio fiscal.
 - Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requiriranse ó interesado na forma legalmente establecida no procedemento administrativo para que emenden a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, consideraráselle desistido da súa petición, logo de resolución ditada ó efecto.
 - Tanto o propietario do ben inmovible obxecto da prestación do servizo como o beneficiario terán a obriga de comunicar á administración municipal modificación dos datos relativos ó beneficiario fiscal.
 - O cambio do domicilio por parte do beneficiario suporá o cese do beneficio fiscal nomesmo período en que efectivamente se probe. Nos seu caso deberá de facer unha nova solicitude de exención.

Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación do 50% na taxa por prestación do servizo de abastecemento de auga potable, relativa ó inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual e na que estean empadroados.

Non poderá polo tanto aplicar a bonificación a máis dunha vivenda do titular. O carácter desta bonificación é rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período positivo seguinte ó da solicitude.

Os suxeitos que pretendan gozar desta bonificación deberán de presentar seguinte documentación: a) Solicitude de concesión da bonificación. b) Fotocopia do DNI do/a solicitante. c) Título oficial de familia numerosa en vigor. d) Certificado de convivencia no domicilio indicado, expedido polo Concello. e) Fotocopia do recibo de pago da taxa por servizo de abastecemento de auga do último trimestre.

En casos excepcionais, e previo informe xustificativo do Departamento de Servizos Sociais, onde se poña de manifestó a imposibilidade de facer fronte ó pago do tributo, a Xunta de Goberno Local poderá acordar a exención, por un tempo determinado que non poderá ser superior ó semestre, de ben de manterse as circunstancias, acreditadas cun novo informe do Departamento de Servizos Sociais,

poderá ser obxecto de renovación.

Aplicaranse asimismo os beneficios fiscais que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

6.- Polo que atinxe a Taxa polo servizo de saneamento ou rede de sumidoiros, proceder a modificación do seu artigo 8, e regular nel as bonificacións antes descritas, aplicando os mesmos criterios e requisitos, na exención da cota fixa mensual e o consumo de 20 metros cúbicos.

Por todo o anteriormente exposto, SOLICITO:

Que tendo por presentado este escrito en tempo e forma regulamentaria, sexa admitido, e na súa virtude, o Plano do Concello de Allariz acorde a inclusión na ordenanza reguladora da taxa polo servizo de subministración de auga e na ordenanza reguladora da taxa polo servizo de saneamento ou rede de sumidoiros, unha Tarifa Social para os/as veciños/as do Concello que estean en situación de necesidade ou en risco de exclusión social.

A continuación intervén o Alcalde para sinalar que, como xa se explicou no seu día, con ocasión da aprobación inicial da modificación das ordenanzas, por certo, as únicas taxas que modifica o concello e que teñen unicamente unha suba correspondente ao IPC, o grupo de goberno non considera acaído proceder a esa modificación nos termos sinalados na alegación. A propia portavoz está a falar duns 13 beneficiarios que temos actualmente na Risga, se ben é certo que esa cifra tampouco xa é actual, na medida en que o concello procura incidir neses ámbitos, por exemplo cun convenio co Xunta de Galicia para 6 persoas que eran beneficiarias da Risga, polo tanto, esas persoas que estaban na Risga, o feito de estar contratadas durante 9 meses que o concello ven de realizar, dalle unha solución. Pero o grupo de goberno, sinala, pensa que nin a auga nin o saneamento coas tarifas que ten sexan a dificultade fundamental que podan ter esas familias; é certo, recoñece, que o grupo de goberno ten propiciado e segue insistindo nelo, que cando se fala de capital social básico, unha atención ás persoas que por obxecto disfrutar de servizos e equipamentos de calidade a uns prezos que non sexan elitistas, e que polo tanto, dende a piscina climatizada ata o fogar dos maiores, pasando pola cidade deportiva ou a casa da mocidade, pode haber un amplo abanico de uso desas instalacións por parte destas familias. Cando falamos de que os servizos técnicos da concellería de benestar, no coñecemento que teñen, ben de oficio ou a petición, poden abordar situacións de emerxencia social en base a criterios obxectivos de situación desas familias para abonar os alugueres, ou material escolar, ou consumos eléctricos non estamos actuando para manter criterios discrecionais, senón que responde á mecánica que estas áreas veñen realizando en base a esta petición ou do seu propio coñecemento. Polo tanto, o grupo de goberno segue pensando que, sen prexuízo que se siga valorando de cara o futuro unha reflexión mais ampla sobre cál é situación da política social que desenvolve o concello, entende que non se corresponde co obxectivo da necesidade social facer unha variación da ordenanza municipal de auga para acoller a un número tan reducido de posibles beneficiarios; cree que as tarifas da auga e saneamento teñen un custe módico asumible para o conxunto dos usuarios e polo tanto desde esa perspectiva a razón e a motivación que xa se expresou na comisión de facenda para non apoiar esta modificación da ordenanza fiscal que se propón.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, tras comentar que, últimamente cada pleno é unha sorpresa. Na última sesión plenaria o PP presentou unha moción de soterramento con respecto á cal o grupo socialista presentou unha enmenda transaccional que daba por boa a moción de soterramento presentada polo PP e que engadía un apartado a esa moción ó que o seu grupo deu o visto bo e sorprendentemente o Partido Socialista despois da intervención do Sr. Alcalde retirou a enmenda de engádegas e o seu apoio á moción de soterramento do Partido Popular. Agora, acabamos de ver que o BNG non apoia una petición concreta de política social co argumento de que o número de posibles beneficiarios son poucos e que non hai criterios taxados, na proposta que neste caso fai o Partido Socialista sí hai uns criterios taxados. Aínda que o número de persoas beneficiarias sexa reducido, tratándose dunha política social, parecería lóxico que desde o grupo de goberno se apoiara esta proposta que se fai desde o Partido Socialista. Da a impresión de que só aprobamos as propias mocións e as dos demais non se apoian e non se sabe ben por qué, sexan razoables ou non; eiquí, sinala, vense a defender o benestar dos cidadáns de Allariz, de modo que se se fai unha proposta polo Partido Popular que beneficia ó conxunto da poboación haberá que apoiála se é razoable, pero non se debe deixar de apoiar porque o faga o Partido Popular. Isto vale tamén, sinala, para o presente caso: se o Partido Socialista presenta unha moción razoable parece lóxico que todos

apoiemos esa moción. Pide un pouco de criterio, de sensatade, para todos os grupos políticos, de modo que cando se presentan propostas, independentemente de quen as presente, que as apoiem se son razoables. Niste caso, o Partido Popular vai apoiar a proposta feita polo Partido Socialista porque lle parece razoable a pesar da increíble cambio de opinión que tivo a portavoz do Partido Socialista na última sesión plenaria. O PP non vai a esperar a ver que dí o Sr. Alcalde para apoiar ou non unha moción, niste caso, ó PP parécelle razoable e apóiana, afirma. Polo tanto, o seu voto vai ser favorable á proposta do Partido Socialista e espera que a partir de agora sexamos todos un pouquiño razoables e dendamos os intereses dos cidadáns e non os intereses partidistas propios.

Polo grupo municipal socialista a súa portavoz réplica sinalando que segundo os parámetros empregados pola Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais para presumir de excelencia temos que superar os 100 euros de investimento por habitante; os datos que serviron de base para este informe que evidencia moitas carencias en política social e que pon de manifesto os recortes salvaxes nos servizos públicos obtivéronse a partir das liquidacións dos orzamentos do 2016. Con estas cifras, o noso concello adica a accións de protección e promoción social 441.108,66 euros, isto significa unha inversión por veciño de 73,33 euros. Temos a obriga de estar nos primeiros postos da clase e non valen desculpas. En Allariz carecemos tamén, en pleno 2017 dunha ordenanza reguladora de concesión de axudas de emerxencia social, estes deberes según sen facerse, conclúe.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que, en todo caso, reitera que, ao seu modo de ver, a ordenanza fiscal reguladora do abastecemento da auga potable é correcta, non cree que a política social teña que ter bonificación nese ámbito para persoas ou colectivos determinados; considera que o concello está a utilizar unha financiación, como xa se expresou no pleno na aprobación dos orzamentos, do 11,5% dos ingresos da corporación estanse dedicando a esa política de asistencia social. Hai unha posibilidade de facer un amplo debate en relación a ese ámbito pero cree que en ningún caso a posibilidade que teñen os veciños de Allariz de ter unha actividade social non está penalizada por tarifas que o fagan complexo ou imposible, polo tanto, o grupo de goberno é mais partidario de facer uns servizos públicos de calidade, abertos a toda a poboación, e esa é a súa racionalidade, a sensatade o grupo de goberno, outros poden ter outra pero desde logo ao grupo de goberno, sinala, parécelle que o feito de que por parte dos servizos sociais fagan informes sociais en relacións ás situacións específicas que se podan dar por parte de colectivos ou persoas determinadas en relación a carencias que podan ter cree que é a política correcta. Nin ten que ver con clientelismo, non con decisións condicionadas por criterios da dirección desas áreas senón por criterios dos propios técnicos que traballan na área de benestar. Polo tanto, ao grupo de goberno parécelle lóxico seguir mantendo a ordenanza fiscal reguladora da taxa de auga e saneamento cos prezos e tarifas que a mesma contempla que non impiden nin dificultan que ningunha familia poda ter a súa actividade en Allariz condicionada por esta razón. Se hai política social ou non, cree que hai un bo termómetro para sabelo e son a demografía e a capacidade de atracción que un concello pode ter. O concello de Allariz podía apostar por dar axudas ás familias que teñen nenos pero entende que ésa non é a política correcta. Ogallá, sinala, tivéramos fondos públicos para facer unha intervención desas características pero entende que é bastante mais lóxico facer unha política que permita disfrutar duns estándares de calidade de vida, de equipamentos, de oportunidade económica que ten permitido recuperar a demografía de Allariz, de xeito que está cambiando a pirámide de poboación que se tiña. Entende que, para as propias familias cando deciden vivir en Allariz ten que ver con esta oferta, sen prexuízo de que se poda falar de cara o futuro dos servizos municipais, e cómo melloralos, pero en relación a esta concreta alegación o BNG é partidario de manter a ordenanza fiscal nos termos que están establecidos, por eso o voto do seu grupo vai ser favorable a desestimar a alegación presentada.

Visto o expediente tramitado;

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 20/12/2017;

O Pleno, pola maioría absoluta legal, co voto favorable do BNG (8), co voto en contra do PP (2) e PsdeG-PSOE (1), ACORDA:

PRIMEIRO. Desestimar a reclamación de data 13 de novembro de 2017, núm. 3594, interposta polo grupo municipal socialista do PsdeG-PSOE contra o acordo de aprobación provisional do cadro de tarifas da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de subministro da auga potable aprobado en sesión plenaria do 27.10.2017.

SEGUNDO. Aprobar con carácter definitivo a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de subministro da auga potable nos termos establecidos na plenaria do 27.10.2017, quedando establecido nos seguintes termos:

Artigo 6.- Cuota Tributaria.

- a) Por dereitos de conexión ou enganche á rede: 50,00 Euros
- b) Por consumos:
- b.1) Domésticos:
- 1) Cota fixa por abonado e mes: 5,06 Euros
- 2) Por tramos de consumos (eur/m3):
- | | | |
|---------------------------|------|-------|
| De 0 a 10 m3/ab.mes | 0,37 | Euros |
| De 11 a 30 m3/ab.mes | 0,46 | Euros |
| De 31 a 50 m3/ab.mes | 0,62 | Euros |
| De 51 a 80 m3/ab.mes | 2,12 | Euros |
| De 81 a 100 m3/ab.mes | 4,21 | Euros |
| A partir de 101 m3/ab.mes | 7,02 | Euros |
- b.2) Industrias:
- 1) Cota fixa por abonado e mes: 6,75 Euros
- 2) Por tramos de consumos:
- | | | |
|------------------------|------|-------|
| Desde 0 m3/abonado/mes | 0,77 | Euros |
|------------------------|------|-------|
- b.3) Por gravidade:
- Por tramos de consumos:
- | | | |
|--------------------------|------|-------|
| De 0 a 2 m3/ab.mes | 0,00 | Euros |
| De 3 a 10 m3/ab.mes | 0,35 | Euros |
| De 11 a 30 m3/ab.mes | 0,63 | Euros |
| A partir de 31 m3/ab.mes | 0,77 | Euros |

TERCEIRO.- Aprobar o texto refundido da ordenanza que se une á presente acta como ANEXO I.

CUARTO. Dispor a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para a entrada en vigor o día 1 de xaneiro de 2018.

QUINTO. *Facultar o Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para a execución deste acordo.*

2. Cadro de tarifas de saneamento 2018.- Resolución de reclamacións presentadas e aprobación definitiva da modificación da ordenanza reguladora.

Visto o expediente tramitado;

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 20/12/2017;

Polo exposto,

O Pleno, pola maioría absoluta legal, co voto favorable do BNG (8), co voto en contra do PP (2) e PsdeG-PSOE (1), ACORDA:

PRIMEIRO. Desestimar a reclamación de data 13 de novembro de 2017, núm. 3594, interposta polo grupo municipal socialista do PsdeG-PSOE contra o acordo de aprobación provisional do cadro de tarifas da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de saneamento ou rede de sumidoiros aprobado en sesión plenaria do 27.10.2017.

SEGUNDO. Aprobar con carácter definitivo a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de saneamento ou rede de sumidoiros aprobado en sesión plenaria do 27.10.2017, quedando establecido nos seguintes termos:

Artigo 7.- Cota tributaria.

A cota pola prestacións servizos da rede de sumidoiros e depuración será a resultante de aplica-la seguinte tarifa:

<i>Cuota fixa mensual.....:</i>	<i>3,40 EUROS/abon.mes</i>
<i>Consumo.....:</i>	<i>0,07 EUROS/M3</i>

No caso de verquidos de gran volume con medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa rede municipal, que virtan á rede de alcantarillado un caudal moi superior ao consumido da rede municipal, instalarán ao seu cargo un equipo medidor de caudal, ou no seu defecto se podrá realizar un aforo do verquido e se facturará coa seguinte tarifa:

<i>Cuota fixa mensual.....:</i>	<i>3,40 EUROS/mes</i>
<i>Consumo.....:</i>	<i>0,07 EUROS/M3</i>

TERCEIRO.- Aprobar o texto refundido da ordenanza que se une á presente acta como ANEXO II.

CUARTO. Dispor a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para a entrada en vigor o día 1 de xaneiro de 2018.

QUINTO. *Facultar o Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para a execución deste acordo.*

ANEXO I

TEXTO REFUNDIDO DA ORDENANZA FISCAL N.º 2 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE SUBMINISTRO DA AUGA POTABLE.

Artigo 1. Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto no artigos 15 a 19 da Lei 39/88 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, Texto Refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa polo servizo de saneamento ou rede de suimidoiros, que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, cuías normas atenden ó disposto no artigo 57 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación de servizos públicos por distribución de auga e outros suministros públicos, incluídos os dereitos de conexión de liñas e colocación e utilización de

contadores e instalacións análogas, cando os servizos ou suministros sexan prestados polo Concello, nos termos especificados nas tarifas contidas no artigo 6 da presente ordenanza.

Non constitúe feito imponible o abastecemento particular da auga que ven realizándose a través de manancías ou outros aproveitamentos de augas potables, salvo que acordase este Concello a municipalización dos mesmos.

Artigo 3. Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados, polos servizos de distribución de auga e outros abastecementos públicos que constituíen o feito imponible da taxa.

2.- Cando os suministros ou servizos regulados nesta Ordenanza sexan solicitados ou recibidos por ocupantes de vivendas e locais diferentes dos propietarios do inmovible, estes terán a condición de substitutos do contribuinte.

Os substitutos do contribuinte poderán repercutir as cuotas da taxa sobre os beneficiarios.

Artigo 4. Responsables.

1.- Responden solidariamente das obrigacións tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.

2.- Os copartícipes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas Entidades.

3.- No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cuota de liquidación que se lles houbera adxudicado.

4.- Os administradores de persoas xurídicas que non realizaron os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias de aquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
- c) No suposto de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data do cese.

5.- A responsabilidade esixirase en calquera caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

6.- As taxas liquidadas a persoas físicas e xurídicas que destinen os suministros e servizos obxecto de esta taxa para o exercicio de explotacións e actividades económicas, poderán esixirse ás persoas que sucedan ao debedor no exercicio da actividade económica.

7.- O interesado que pretenda adquirir a titularidade da actividade económica, previa conformidade do titular actual, poderá solicitar do Concello certificación das débedas por taxas dimanantes do exercicio da explotación mencionada. No caso de que a certificación se expida con contido negativo, o solicitante estará exento de responsabilidade polas débedas existentes na data de adquisición da explotación económica.

Artigo 5.- Beneficios fiscais.

Non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda

tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer para esta taxa.

Artigo 6.- Cuota Tributaria.

- a)

Por dereitos de conexión ou enganche á rede:	50,00	Euros
--	-------	-------
- b) Por consumos:
- b.1) Domésticos:
- 1)

Cota fixa por abonado e mes:	5,06	Euros
------------------------------	------	-------
- 2) Por tramos de consumos (eur/m3):
- | | | |
|---------------------------|------|-------|
| De 0 a 10 m3/ab.mes | 0,37 | Euros |
| De 11 a 30 m3/ab.mes | 0,46 | Euros |
| De 31 a 50 m3/ab.mes | 0,62 | Euros |
| De 51 a 80 m3/ab.mes | 2,12 | Euros |
| De 81 a 100 m3/ab.mes | 4,21 | Euros |
| A partir de 101 m3/ab.mes | 7,02 | Euros |
- b.2) Industrias:
- 1)

Cota fixa por abonado e mes:	6,75	Euros
------------------------------	------	-------
- 2) Por tramos de consumos:
- | | | |
|------------------------|------|-------|
| Desde 0 m3/abonado/mes | 0,77 | Euros |
|------------------------|------|-------|
- b.3) Por gravidade:
- Por tramos de consumos:
- | | | |
|--------------------------|------|-------|
| De 0 a 2 m3/ab.mes | 0,00 | Euros |
| De 3 a 10 m3/ab.mes | 0,35 | Euros |
| De 11 a 30 m3/ab.mes | 0,63 | Euros |
| A partir de 31 m3/ab.mes | 0,77 | Euros |

Artigo 7. Obligación de pagamento.-

A obriga de pagamento da taxa nace cando se inicia a prestación do servizo.

Artigo 8. Xestión de cobranza.

1.- A taxa por recepción dos suministros detallados nas tarifas determinaranse aplicando sobre os consumos as cuantías que se conteñen nas citadas tarifas.

2.- A liquidación practicarase trimestralmente e poderá esixirse o seu pago por domiciliación bancaria. Solo en casos excepcionais aceptarase que o pago se efectue na oficina do Concello que ao efecto se designe.

3.- O cargo da débeda na conta bancaria designada polo interesado efectuarase dentro da segunda quincena do mes natural seguinte ao de finalización do trimestre e comprenderá a taxa acreditada polos suministros do anterior trimestre.

4.- Transcurridos dous meses dende a conclusión da quincena en que se poñen ao cobro os

recibos por suministro regulados nesta Ordenanza, iniciárase o período executivo que comporta o devengo do recargo de apremio e dos intereses de demora.

Artigo 9. Notificacións das taxas.

1.- A notificación da débeda tributaria nos supostos de servizos singulares realizarase ao interesado, no momento en que se presenta a autoliquidación, con carácter previo á prestación do servizo.

A pesar do previsto no apartado anterior, si unha vez verificada a autoliquidación resultase incorrecta, practicarase unha liquidación complementaria.

2.- Nos supostos de esixibilidade da taxa por suministros continuados, coa finalidade de practicar a notificación colectiva esixida polo artigo 124.3 da Lei Xeral Tributaria, procederase de modo que se establezca nos apartados 3 e 4 deste artigo.

3.- Cando o interesado solicite a alta no rexistro de usuarios, e así se autorice, notificaraselle a inclusión no padrón de contribuintes.

4.- Anualmente, na segunda quincena do mes de xaneiro, exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello o censo de contribuintes que teñan esta condición con referencia a data de 1 de xaneiro.

5.- Da cuota que trimestralmente se liquidará por consumos do período anterior o interesado pode obter información persoal, escrita ou telefónicamente durante a quincena anterior a aquela na que se procederá ao cobro da taxa.

Artigo 10. Xestión por delegación.

1.- Si a xestión do tributo se delegara á Deputación de Ourense, as normas contidas nos exercicios anteriores serán aplicables ás actuacións que debe facer a Administración delegada.

2.- O Organismo de Xestión Tributaria establecerá en tal caso os circuitos administrativos máis convenientes para conseguir a colaboración das organizacións representativas dos suxeitos pasivos co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas de aquelas, ou os procedementos de liquidación ou recadación.

3.- Tódalas actuacións de xestión e recadación que leve a cabo o Organismo de Xestión Tributaria axustaranse ao que prevé na normativa vixente e a súa Ordenanza Xeral de Xestión, Inspección e Recadación, aplicable aos procesos de xestión dos ingresos locais, a titularidade dos cales corresponde aos Municipios da provincia de Ourense que delegaron as súas facultades á Deputación.

Artigo 11.- Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións en materia tributaria rexiranse en materia tributaria e polo disposto na Lei Xeral Tributaria, a súa normativa de desenvolvemento e na Ordenanza Xeral de Xestión, Inspección e Recadación que no seu caso fose aprobada polo Concello.

Artigo 12.- Normas de xestión.

1. Toda autorización para desfrutar do servizo de subministración de auga levará aparellada a obriga de instalar contador, debendo ser individual para cada vivenda ecolocarse nun sitio visible e de fácil acceso para que permita a clara lectura dos consumos. O contador poderá ser facilitado ou homologado polo Concello. Se o facilitase o Concello, o abonado satisfará o seu prezo de custo.

2. A subministración de auga ó domicilio confírelle ó usuario a facultade de consumir auga para usos domésticos ou industriais, entendéndose por usos domésticos todas as aplicacións para atender as necesidades de vida e hixiene persoal e doméstica e de lavado de roupa. Por uso industrial entenderase

a subministración de auga a calquera local que non teña a consideración de vivenda, incluíndose neste concepto aquelas actividades instaladas ou anexas á vivenda, como cortes, adegas, tendas ou bares.

3. A utilización da subministración de auga farase tomando o abonado a que necesite, determinándose o volume consumido mediante un aparello contador.

4. Quedan prohibidas as utilizacións de auga de rede xeral de abastecemento para rega de xardíns, leiras ou lavado de automóveis con manguera de presión. Nembargantes, durante as épocas de abundancia de auga, a Alcaldía poderá autorizar tales usos mediante bandos xerais, sempre que quede garantido o abastecemento domiciliario e industrial.

5. O concello en ningún caso garante a cantidade de subministración, que sempre terá o carácter de precario para os usuarios, así como tampouco responde nin se responsabiliza dos posibles danos, prexuízos ou deterioros que puideran causar nos bens dos mesmos a falta ou insuficiencia de caudal.

6. O concello por resolución da Alcaldía poderá ordenar o corte da subministración por non pagamento de tres recibos consecutivos. A rehabilitación do servizo farase despois do pagamento do adebado, con novos dereitos de conexión.

7. O concello por medio dos seus empregados e axentes, tendereito de inspección e vixilancia das conduccións, instalacións e aparellos, tanto en vías públicas ou privadas como en predios de particulares. Ningún abonado poderá oporse á entrada nas súas propiedades para a inspección do servizo, que deberá levarse a cabo en horas de luz solar, salvo casos graves ou urxentes a xuízo do Alcalde.

8. A facultade conferida no punto anterior enténdese limitada ás tomas da rede xeral e a posible existencia de inxertos ou derivacións non controlados como usos distintos dos autorizados, así como da defraudación en xeral.

En caso de oporse o usuario ó establecido nos puntos anteriores, procederase ó corte da subministración e para restablecela deberá autorizarse a inspección, debendo aboar novos dereitos de conexión.

9. As sancións por incumprimento do establecido neste artigo, que pode impor a Alcaldía, consistirán no pagamento do duplo da taxa que corresponda seguindo a lectura do contador.

10. No caso de que se defraudase por calquera tipo de manipulación a lectura do contador correspondente ou se realizara calquera tipo de acción conducente a evitar dita lectura, este Concello fará unha estimación da cantidade consumida polo defraudador equivalente a 100 m³, aplicándosele ó importe que corresponde a sanción que se establece no punto anterior.

11.- Tanto nos casos establecidos nos puntos anteriores do presente artigo, como en tódolos actos que sexan sancionables pola administración municipal, esta sanción irá sempre acompañada do aboamento por parte do infractor de novos dereitos de conexión.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, aprobada provisionamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 27.10.2017 e que quedou definitivamente aprobada en data 22.12.2017, rexirá a partir do 1 de xaneiro de 2018 e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO II

TEXTO REFUNDIDO DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLO SERVIZO DE SANEAMENTO OU REDE DE SUIMIDOIROS:

Artigo 1. Fundamento e réxime.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto no artigos 15 a 19 da Lei 39/88 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, Texto Refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa polo servizo de saneamento ou rede de sumidoiros, que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, cujas normas atenden ó disposto no artigo 57 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2. - Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación de recepción obrigatoria, dos servizos seguintes :

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la conexión á rede municipal de sumidoiros.

b) A evacuación de excrementos, augas pluviais, negras e residuais mediante a utilización da rede municipal de sumidoiros.

c) O tratamento para depura-los vertidos anteriores.

Artigo 3. - Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos en calidade de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que ocupen ou utilicen, por calquera clase de título, incluso o de precario, as vivendas e locais onde se preste o servizo.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario destes inmobles quen podendo repercutir aquel, de se-lo caso, sobre os usuarios, como beneficiarios do servizo, as cotas satisfeitas .

Artigo 4. - Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os sindicados, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades, e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5. - Cobramento.

1. A obriga de contribuír nacerá co inicio da prestación dos servizos entendéndose esta iniciación :

a) Na data de presentación da correspondente solicitude da licenza de conexión, cando o suxeito pasivo a formule expresamente.

b) Desde que teña lugar a conexión efectiva á rede municipal de sumidoiros.

2. A acreditación da taxa por esta última modalidade producirase con independencia da obtención ou non da licenza de conexión e sen prexuízo da instrución do expediente administrativo para a súa autorización.

3. Os servizos de evacuación de excrementos, augas pluviais, negras ou residuais e os da súa depuración son de carácter obrigatorio para tódolos predios do municipio que teñan fachadas ás rúas, prazas ou vías públicas onde exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre esta e o predio non pase dos cen metros, e a taxa acreditarase incluso cando os interesados non efectúen a conexión a rede.

Artigo 6º.- Base imponible.

A base imponible virá determinada, no suposto de licencia ou autorización para a conexión á rede de sumidoiros, polo número de locais ou vivendas que desauguen conxuntamente a través da conexión para a que se solicita autorización.

No tocante á evacuación de excremento, augas pluviais, negras e residuais, a base imponible virá constituída polos m3 de auga consumida no predio ou, no seu lugar, polo valor catastral do inmovible.

Artigo 7.- Cota tributaria.

A cota pola prestacións servicios da rede de sumidoiros e depuración será a resultante de aplica-la seguinte tarifa:

<i>Cuota fixa mensual.....:</i>	<i>3,40 EUROS/abon.mes</i>
<i>Consumo.....:</i>	<i>0,07 EUROS/M3</i>

No caso de verquidos de gran volume con medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa rede municipal, que virtan á rede de alcantarillado un caudal moi superior ao consumido da rede municipal, instalarán ao seu cargo un equipo medidor de caudal, ou no seu defecto se podrá realizar un aforo do verquido e se facturará coa seguinte tarifa:

<i>Cuota fixa mensual.....:</i>	<i>3,40 EUROS/mes</i>
<i>- Consumo.....:</i>	<i>0,07 EUROS/M3</i>

Artigo 8º. Exencións e bonificacións.

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, non se concederá ningunha exención nin bonificación na exacción desta taxa, agás as expresamente previstas nas normas con rango de lei ou as derivadas da aplicación dos tratados internacionais.

Artigo 9º. Declaración, liquidación e ingreso.

As declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos así como a liquidación e recadación das cotas que esixe esta taxa serán efectuaranse nos mesmos períodos e nos mesmos prazos e xunto cós recibos da subministración de auga.

Artigo 10. Infraccións e sancións.

No tocante á cualificación de infraccións tributarias e ás sancións rexerá o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria e nas demais normas de aplicación.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor o mesmo día da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincial, e as tarifas serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2018 e permanecerá vixente ata a súa derogación.

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás trece horas e corenta minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE, Francisco García Suárez.

Dou fe, o Secretario, Maximino Jardón Pedras.